

**ESTATUTOS
AXUNTAR
Asociación prá Normalización del Galego de Asturias.**

CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, OBXECTIVOS, DOMICILIO E ÁMBITO.

ARTIGO 1.- Coa denominación de AXUNTAR, ASOCIACIÓN PRÁ NORMALIZACION DEL GALEGO DE ASTURIAS, al abeiro da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora del Dereto de Asociación e normas complementarias, carecendo de ánimo de lucro e por tempo indefinido, constitúese nel lugar de ROXÍOS (Boal), coel carácter de entidad sociocultural , de estudio e divulgación.
El réximen da asociación determinaranla os presentes estatutos.

ARTIGO 2.- Esta asociación ten os obxectivos que siguen:

1. A conservación e promoción del uso da lingua propia da Comarca asturiana del Eo-Navia que, dende ámbitos filolóxicos responde ás denominaciois de galego de Asturias ou galego-asturiano, sendo este último el nome que se lle dá na vixente lexislación del Principado de Asturias
2. Considerando a súa adscripción al tronco común del galego-portugués, traballar pra que Asturias se dote dúa institución ou centro de estudios específico que regule a lingua propia da Comarca Eo-Navia e, a ser posible, que esta institución conte cúa sede nalgún dos 18 concellos asturianos galegofalantes.
3. Normalización del noso idioma en todos os ámbitos, asina como a promoción da literatura, da música ou cualquera outra expresión cultural que use el galego de Asturias.
4. Fomentar el uso del idioma nel Eo-Navia, nas institucións sitas nel territorio e na administración del Principado de Asturias.

5. Fomentar el acceso á nosa lingua aos novos falantes favorecendo a necesaria incorporación de neofalantes como modelo de referencia na dignificación del idioma.
6. A presenza da nosa lingua en todos os grados del sistema educativo e nos medios de comunicación escritos e audiovisuales, con especial interese naqueles de titularidá pública.
7. El estudio e promoción da lingua, el folclore, a etnografía, a antropoloxía, a socioloxía, os estudos históricos e calquera outro aspecto das terras del Eo-Navia.
8. A defensa del patrimonio natural así como da toponimia menor, lendas, contos e riqueza idiomática ligada a esos recursos naturales, especialmente nos lugares con algún nivel de protección medioambiental.
9. A promoción del etiquetado de productos e servicios na nosa lingua.
10. Empuxar na defensa de productos e actividades económicas tradicionales ou que respondan a intereses estratéxicos (artesanía, agroalimentación, etc.) e a promoción dun selo de calidá pral Eo-Navia.
11. Impulsar as relacións entre comunidades ou estados que incentiven a Cultura da sociedade eonaviega.
12. A colaboración con outras asociacións, organismos e institucións que, dentro ou fóra del ámbito territorial de Asturias poidan ser de utilidá nos traballos da Asociación AXUNTAR, especialmente coas institucións que a nivel europeo velan polas linguas minorizadas.

ARTIGO 3.- Pral cumprimento destes obxectivos realizaranse as seguintes actividades:

1. Captación de socios e socias.
2. Cursos de lingua.
3. Concursos literarios.
4. Campañas de promoción da nosa lingua dirixidas a negocios.
5. Campañas de promoción da nosa lingua dirixidas a administracións.
6. Campañas de promoción da nosa lingua dirixidas a particulares.

7. Campañas de sensibilización da protección del patrimonio medioambiental e dos valores lingüísticos que articulan ese patrimonio natural.

8. Campañas de promoción cultural.

9. Campañas de promoción de productos ou servicios que usen a nosa lingua.

10. Organización de actividades propias e participación nas que desenvolvan outras organizaciois dentro ou fóra de Asturias.

ARTIGO 4.-

1.- a) A Asociación establece el domicilio social en LA CORREDORIA (UVIÉU), c/ PABLO ALONSO RATO, número 1 pranta 1ª, porta A código postal 33011.

1.-b) El ámbito territorial nel que vai realizar as súas actividades é Asturias, principalmente nos concellos asturianos de:

Allande
A Veiga.
Boal
Castropol
Coaña
Eilao
El Franco
Grandas
Ibias
Navia
Pezós
San Martín de Ozcos
Santalla de Ozcos
Santiso de Abres
Tapia
Taramunde
Vilanova de Ozcos
e Villaión

1.-c) A Asociación tamén desenvolverá actividades na ciudá de Uviéu, por ser esta a capital del Principado de Asturias, e, respetando el ámbito territorial, noutras ciudades, villas ou aldeas unde existan emigrados del Eo-Navia.

1.-d) En atención aos vínculos lingüísticos, culturais e intereses mutuos que nos unen, tamén se promoverá, manter relacións culturais e organizar actividades que permitan conocer e compartir actividades e traballos con entidades ou persoas dos concellos bercianos de:

Candín
Peranzais

1.-e) Del mesmo xeito fomentaranse os contactos culturais cos concellos galegos limítrofes de:

A Fonsagrada
A Pontenova
Navia de Suarna
Negueira de Muñiz
Ribadeo
e Trabada

1.-f) Poderán manterse contactos e fomentar na zona eonaviega el coñecemento da realidade lingüística e cultural dos concellos de fala galega de Zamora e del Val do Ellas, en Extremadura.

2.- Pral cumprimento del Artigo 2.2, Artigo 2.3 e Artigo 2.5, polo especial interese del fomento da lingua propia da Comarca nel Eo-Navia, nas institucións universitarias, a Asociación ha extender a súa actividá a aqueles lugares onde radiquen sedes universitarias ou calquera outra sede de carácter educativo ou cultural.

3.- Os presentes Estatutos han ser cumpridos mediante os acordos que, validamente, adopten a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral, dentro das competencias respectivas.

CAPÍTULO II

ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN

ARTIGO 5.- A Asociación será xestionada e representada por úa Xunta Directiva, formada por un Presidente/a, un Secretario/a, un Tesoureiro/a e dous vocales. Si así se decide nel acto de constitución ou posteriormente pola Asamblea Xeral Extraordinaria poderán nomarse un Vicepresidente/a, designado entros asociados

maiores de edá, en pleno uso dos seus dereitos civís e que non teñan incursos en motivos de incompatibilidade establecidos legalmente.

Ningún cargo ha ser remunerado e todos carecen de interés nos resultados económicos da entidade, por si mesmos ou a través de persoa imposta.

ARTIGO 6.- A Xunta Directiva é el órgano competente pra interpretar os preceptos contidos nestos Estatutos e cubrir as súas lagúas, sempre someténdose á normativa legal vixente en materia de asociacións.

ARTIGO 7.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva designaranse e revocaranse pola Asamblea Xeral Extraordinaria e el seu mandato terá a duración de CUATRO ANOS, aunque poderán ser obxecto de reelección indefinidamente.

ARTIGO 8.- Os membros da Xunta Directiva poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e por expiración del mandato.

ARTIGO 9.- Os membros da Xunta Directiva que agotaren el prazo para el que foron escollidos, han continuar ostentando os seus cargos asta el momento que se produza a aceptación dos que los sustitúan.

ARTIGO 10.- A Xunta Directiva celebrará as súas sesións as veces que el seu Presidente/a determine, a iniciativa propia ou a petición de outros dous membros.

As reunións poderán ser presenciales ou telemáticas.

A sesión ha quedar constituída cuando asista a metade máis un dos membros e pra que os seus acordos señan válidos han ser adoptados por maioría de votos, sendo necesaria a concurrencia, al menos, da metade dos membros. En caso de empate el voto del/da Presidente/a será de calidade.

A sesión será presidida polo/a Presidente/a e, na súa ausencia, polo/a Secretario/a. A falta de ambos, por el membro da Xunta que teña máis edá. El/la Secretario/a ha levantar acta, que ha transcribirse nel libro correspondente.

ARTIGO 11.- Facultades da Xunta Directiva:

As facultades da Xunta Directiva han extenderse, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, según estos Estatutos, autorización expresa da Asamblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión administrativa e económica da asociación, acordando realizar os contratos oportunos e actos.
- b) Executar os acordos da Asamblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asamblea Xeral os Balances e as Contas anuais.
- d) Resolver sobre a admisión de novos/as asociados/as.
- e) Nomar delegados/as pra algúa actividá determinada da Asociación
- f) Cualquera outra facultá que non seña da competencia exclusiva da Asamblea Xeral.
- g) As reunións da Xunta Directiva poderán ser presenciales ou telemáticas.

ARTIGO 12.1-El/a Presidente/a da Xunta Directiva é tamén Presidente/a da Asociación, e ten as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente a Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados.
- b) Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asamblea Xeral e a Xunta Directiva; asina como dirixir as deliberacións dúa e outra, decidindo con voto de calidá en caso de empate.
- c) Ordenar os pagos acordados validamente e autorizar coa súa firma os documentos, actas e correspondencia.

- d) Adoptar cualquier decisión urgente que a búa marcha da Asociación aconselle ou, nel desenvolvemento das súas actividades, resulte necesaria ou convinte, sen prexucio de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

ARTIGO 12.2- El/a Vicepresidente/a. Nel suposto de ser desinado un Vicepresidente, según lo establecido nel artículo 5, substituirá al Presidente nel caso de tar vacante el cargo por ausencia ou enfermédá, podendo actuar en representación da Asociación naquellos supostos que decida a Xunta Directiva ou a Asamblea Xeral de Socios.

ARTIGO 13.- En caso de non haber Vicepresidente a substitución da vacante del cargo de Presidente por ausencia ou enfermédá, e as competencias de representación da Asociación que decida otorgar a Xunta Directiva ou Asamblea Xeral, nos casos e coas competencias mencionadas nel artículo 12.2 exerceralas el membro de máis edá de dita Xunta Directiva.

ARTIGO 14.- El/a secretario/a ha ter a cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación, ha expedir certificaciois, ha levar os libros da Asociación legalmente establecidos e el ficheiro de socios e ha custodiar a documentación da entidá, fendo que se cursen as comunicaciois sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles nos Rexistros correspondentes, asina como a presentación das contas anuais e el cumprimento das obrigas documentales nos termos que legalmente correspondan.

ARTIGO 15.- 1. El/a Tesoreiro/a ha dirixir a contabilidad da Asociación, ha tomar razón e levar conta dos ingresos e dos gastos, intervindo nas operaciois de orde económico. Ha recaudar e custodiar os fondos pertencentes á Asociación e dar cumprimento ás ordes de pago que expida el/a Presidente/a.

-2. Del mesmo xeito, el tesoreiro/a ha formalizar el presuposto anual de ingresos e gastos, asina como el estado de contas del ano anterior, que deben ser presentados á Xunta Directiva, pra que esta, á vez, los someta á aprobación da Asamblea Xeral.

ARTIGO 16.- Os/as Vocales, tein as obrigaciois propias del sou cargo como membros da Xunta Directiva, asina como as que xurdan das delegaciois ou comisiois de traballo que a propia Xunta lles encomende.

ARTIGO 17.- As vacantes que pudesan producirse durante el mandato de cualquiera dos membros da Xunta Directiva han ser cubertas provisionalmente entre os mencionados membros asta a elección definitiva pola Asamblea Xeral Extraordinaria.

CAPÍTULO III ASAMBLEA XERAL

ARTIGO 18.- A Asamblea Xeral, integrada por todos os socios e todas as socias, é el órgano supremo de goberno da Asociación.

ARTIGO 19.-

1.- As reunións da Asamblea Xeral poden ser ou ordinarias e extraordinarias. Obrigatoriamente a Asamblea ha ser convocada en sesión úa vez al ano, dentro del primeiro trimestre, pra aprobar el plan xeral de actuación da Asociación, censurar a xestión da Xunta Directiva, aprobar, nel sou caso, os presupostos anuais de ingresos e gastos, asina como el estado das contas correspondente al ano anterior.

2.- A Asamblea Xeral ha reunirse en sesión extraordinaria condo as circunstancias lo aconsellen, a xuício del/da Presidente/a, condo a Xunta directiva lo acorde en atención aos asuntos que deban tratarse ou condo lo propoñan por escrito úa décima parte dos/as socios/as..

3.- As reunións poderán ser presenciales ou telemáticas.

ARTIGO 20.-

1.- As convocatorias das Asambleas Xerais, señan ordinarias ou extraordinaria, han ser feitas por escrito, expresando el lugar, data e hora da reunión, asina como el orde del día. Entre a convocatoria e el día sinalado pra celebración da Asamblea haberán mediar, al menos, quince días, podendo del mesmo xeito ferse constar que se reunirá a Asamblea Xeral en segunda convocatoria media hora despois da sinalada pra primeira.

2.- Nel caso de ser telemática, ademais da data, el hora e el orde del día, haberá expresarse a plataforma que se vai usar pra tal efecto.

ARTIGO 21.-

1.- As Assembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedan validamente constituídas en primeira convocatoria conde concurren a ela, presentes ou representados, un tercio dos asociados con dereito a voto, e en segunda convocatoria cualquiera que seña el número de socios/as concurrentes con dereito a voto.

2.- Os acordos adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas conde os votos afirmativos superen os negativos, non sendo computables a estos efectos os votos en branco nin as abstenciois.

3.- É necesaria maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará conde os votos afirmativos superen a mitá dos socios al corrente de pago da asociación en primeira convocatoria e a maioría simple dos presentes na segunda convocatoria, pra acordar as seguintes decisiois

- a) Disolver a asociación.
- b) Modificar estos Estatutos.
- c) A disposición ou enaxenación de beis.
- d) El nomamento das Xuntas Directivas e Administradores.
- e) Acordar a remuneración, nel sou caso, dos membros dos órganos de representación.
- f) A solicitú da declaración de utilidá pública da asociación.
- h) El acordo pra constituir úa Federación de Asociaciois ou integrarse nela.

ARTIGO 22.- Son facultades da Asamblea Xeral Ordinaria:

- a) Aprobar, nel sou caso, a xestión da Xunta Directiva.
- b) Examinar e aprobar as contas anuais.
- c) Aprobar ou rechazar as propostas da Xunta Directiva en orde ás actividades da Asociación.
- d) Ratificar ou modificar as cuotas ordinarias ou extraordinarias aprobadas pola Xunta Directiva.
- e) Cualquera outra que non seña da competencia exclusiva da Asamblea Xeral Extraordinaria.
- f) Acordar a remuneración, nel sou caso, dos membros dos órganos de representación.

ARTIGO 23.- Son facultades da Asamblea Xeral Extraordinaria:

- a) Nomamento dos/as integrantes da Xunta Directiva.
- b) Modificación de Estatutos.
- c) Disolución da Asociación.
- d) Expulsión de socios/as.
- e) Constitución de Federaciois ou integración nelas.

**CAPÍTULO IV
SOCIOS/AS**

ARTIGO 24.-

1.- El ingreso na Asociación poderá ser solicitado por cualquera persoa con capacidade de obrar, en pleno uso dos seus dereitos civís, que non teñan ningún motivo de incompatibilidade establecido legalmente nin teñan suxectos a ningún condición legal para el exercicio del dereito e que teña interese nel desenvolvemento dos obxectivos da

Asociación, mediante escrito dirixido al/á Presidente/a, que ha dar conta á Xunta Directiva, accedendo ou denegando a admisión.

2.- A tódolos efectos, non se adquire a condición de asociado/a en tanto non se satisfagan os deretos de cuota ou entrada, na cuantía establecida de 12 euros ou naquela cantidá que en cada momento se vaia establecendo según os procedimentos estatutarios.

ARTIGO 25.- A Xunta Directiva poderá nomar membros de honor da Asociación, e tales nomamentos han recaer en persoas que teñan méritos relevantes en relación cos obxetivos da mesma. Tales membros han tar exentos de pago de cuotas, non poderán ser electores nin elegibles pra os cargos directivos e poderán participar con voz pero sen voto dos órganos de administración e goberno da Entidá.

ARTIGO 26.- Os/as socios/as poden causar baixa por algúa destas causas:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva, pero esta non vai ter carácter definitivo hasta que non transcurra un mes a partir del momento de solicitala.
- b) Por incumprimento das obrigas económicas, úa vez que se dexaran de satisfacer TRES (3) cuotas periódicas, sempre que non xustifiquen motivo da súa demora, a satisfacción da Xunta Directiva..

ARTIGO 27.- Os socios/as gozan dos seguintes deretos:

- a) A exercer el dereto de voto, así como asistir á Asamblea Xeral, dacordo cos estatutos. A organización interna e el funcionamento da asociación será sempre dacordo cos valores democráticos e con pleno respeto al pluralismo.
- b) A disfrutar de todas as ventaxas e beneficios que a Asociación poda obter.
- c) A participar en contas actividades sociales organice a Asociación en cumprimento dos sous obxetivos. A ser electores e elegibles prós cargos directivos.
- d) Contar con un exemplar destes Estatutos e recibir información dos acordos adoptados polos órganos da Asociación

- e) Fer uso da insignia ou emblema que a Asociación cree como distintivo dos seus socios/as.
- f) Recurrir á Xunta Directiva condo estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuício da impugnación de acordos que podan formular legalmente.

ARTIGO 28.- Son obrigacións de todos/as os/as socios/as

- a) Cumprir os presentes Estatutos e os acordos válidos adoptados polas Asembleas Xerais e pola Xunta Directiva.
- b) Abonar as cuotas que se fixen.
- c) Asistir ás Asembleas e demais actos que se organicen.
- d) Desempeñar, nel seu caso, as obrigas inherentes al cargo que ocupen.

ARTIGO 29.- Os socios/as poderán ser sancionados polo incumprimento doloso das súas obrigas. Estas sancións poderán comprender dende a perda dos seus dereitos durante un mes como mínimo, ou a separación definitiva da Asociación nos casos máis graves. Non obstante, non poderá ser separado da mesma ningún/úa socio/a sen antes terse instruído expediente sancionador, nel que deberá ser ouguido.

CAPÍTULO V REXIME ECONÓMICO, CONTABILIDADE E DOCUMENTACIÓN

ARTIGO 30.- Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos obxectivos e as actividades da Asociación han ser os que siguen:

- a) As cuotas de entrada, periódicas ou extraordinarias.
- b) Os produtos dos seus ou dereitos que correspondan en propiedade, asína como as subvencións, legados e donacións que poda recibir en forma legal.
- c) Os ingresos que obteña mediante as actividades lícitas que acorde a Xunta Directiva.
- d) Os beneficios obtidos por a asociación, conseguidos polo exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos deberán destinarse, exclusivamente, ao cumprimento dos seus fines, sen que quepa en ningún caso o seu reparto entre os asociados nin entre os que con eles teñan relación matrimonial ou persoas que convivan con aqueles con asumida relación de afectividade, nin entre parentes, nin cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

ARTIGO 31.- El patrimonio fundacional da Asociación establécese en CERO (0) euros.

ARTIGO 32.- El exercicio asociático e económico ha ser anual e sou peche terá lugar el 31 de decembre de cada ano.

ARTIGO 33.- A Asociación levará us libros contables que permitan obter úa imaxe fidedigna del patrimonio, del resultado e da situación financeira da Entidá, asina como das actividades realizadas. Os apuntes contables han levarse de conformidá coa normativa que resulte de aplicación.

ARTIGO 34.- A Asociación contará con libros de contabilidade, cúa relación actualizada de asociados/as, cun inventario de beis e cun libro das actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación.

CAPÍTULO VI DISOLUCIÓN

ARTIGO 35.- Disolverase voluntariamente condo asina lo acorde a Asamblea Xeral Extraordinaria, convocada al efecto, por úa maioría cualificada establecida nel artículo 21.3 dos presentes estatutos.

ARTIGO 36.- En caso de disolverse a Asociación, ha nomarse úa comisión liquidadora, que ha ferse cargo dos fondos que existan e, úa vez satisfeitas as deudas, el remanente, de habelo, ha destinarse pra fis de interés xeral que non desvirtúen a natureza non lucrativa e que señan análogos ás realizadas pola mesma.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo conto non estea previsto nos presentes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora del Dereito de Asociación e normas complementarias.